

**BORRADOR DO ACORDO DA MESA XERAL DE NEGOCIACION DA  
COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA SOBRE MEDIDAS  
RETRIBUTIVAS.**

En Santiago de Compostela, a 25 de maio de 2007.

A Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas subscribiu un Acordo sobre Medidas Retributivas e de Oferta de Emprego Público para os nos 2007/2009 que, no que aquí afecta, determinaba o compromiso de cumprir o Acordo Administración-Sindicatos de 28 de xullo de 2005. Ao efecto de dar cumprimento a este Acordo de conformidade co disposto no artigo 12.3 da Lei 14/2006, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007.

A Xunta de Galicia e as Organizacións Sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia: Confederación Intersindical Galega (CIG), Comisións Obreiras (CCOO), Unión General de Traballadores (UGT), e Central Sindical Independiente e Sindical de Funcionarios (CSI-CSIF), tras a negociación realizada no marco da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto do Empregado Público, adopta o seguinte

**ACORDO:**

**1º AMBITO DE APLICACIÓN.**

O contido do presente acordo será de aplicación ao:

- Persoal funcionario de administración xeral.
- Persoal funcionario docente non universitario.
- Profesores de Relixión da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Persoal estatutario e persoal funcionario do Servizo Galego de Saúde de Galicia.
- Persoal Laboral de aplicación ao IV Convenio Colectivo Único.

## 2º VIXENCIA

A entrada en vigor do presente acordo producirase o día 1 de xaneiro de 2007 e a súa duración estenderase ata o 31 de decembro de 2010.

## 3º INCREMENTO DO COMPLEMENTO ESPECIFICO.

O complemento específico do persoal incluído no ámbito de aplicación deste acordo experimentará na mensuralidade correspondente a xuño e decembro o incremento que se detalla no recadro seguinte.

XUÑO 2007	23,87 por 100 do complemento específico
DECEMBRO 2007	23,87 por 100 do complemento específico
XUÑO 2008	50 por 100 do complemento específico
DECEMBRO 2008	50 por 100 do complemento específico
XUÑO 2009	75 por 100 do complemento específico
DECEMBRO 2009	75 por 100 do complemento específico
XUÑO 2010	100 por 100 do complemento específico
DECEMBRO 2010	100 por 100 do complemento específico

O complemento específico do persoal docente non universitario inclúe: a súa parte xeral, por desempeño de órganos de goberno unipersoais, polo desempeño de postos de traballo docentes singulares, polo desempeño de postos de traballo de función de inspección educativa, así como o complemento de formación permanente (sexenios).

As retribucións do persoal laboral incrementaranse nunha contía anual equivalente á que resulte para os funcionarios públicos.

Ao persoal estatutario aplicaráselle as mesmas porcentaxes sobre o seu complemento específico.

## 4º EXECUCIÓN DO ACORDO.

A Xunta de Galicia promoverá as medidas normativas necesarias para a execución do previsto no presente Acordo.

As Organizacións Sindicais asinantes comprométense a non acudir ao conflito colectivo algún, esgotando para elo as vías de negociación e conciliación legalmente previstas.

E para que conste, en proba de conformidade, asinan o presente no lugar e data no lugar e data indicados no encabezamentos.